

GALICIA ESCENA PRO

6-9
XUÑO 2022
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

PROGRAMA



XUNTA
DE GALICIA

Escena Galega

Xacobeo 21-22

CONCELLO DE
SANTIAGO

Afundación
Clara Sanjal ABANCA

Feira asociada á
cofae
FUNDACIÓN DE
ROMAÑO DE ARTES
CRAFTS

www.agadic.gal
www.galiciaescenapro.gal



LUN 6

Salón Teatro

11.30 h
Producciones Come y Calla
El caballero incierto (90 min)

Centro Obra Social ABANCA

13.30 h
PITCHING (40 min)
Empatía Teatro
Esas cousas maravillosas

Berrobambán e Ponto de Fuga
Hai quen escolle os camiños máis longos

ButacaZero
Papaguena

Produccións Teatrais
Excéntricas-Mofa & Befá
Pirolíticos

Teatro Principal

16.30 h
Títeres Alakrán
Desconexión (45 min)

Praza da Inmaculada

18 h
Cía. iO
Cantas patas para un banco? (60 min)

Auditorio ABANCA

20 h
Diego Anido
O deus do pop (80 min)

MAR 7

Salón Teatro

11 h
Os Náufragos Teatro
Hugo (40 min)

Praza de San Martiño Pinario

12.30 h
Elahood
Intempestiva (17 min)

Marcia Vázquez
Onde pousa a humidade (14 min)

Centro Obra Social ABANCA

13 h
PITCHING (40 min)
Moving Compass
A Barca do Inferno

Paula Quintas Cía.
MULTIPERSPECTIVAS #2

Cinema Sticado
PYKA

Marta Alonso Tejada
Sofá

13 h
Mesa *Artes escénicas e educación*

Teatro Principal

16.30 h
Rebordelos
Amantis (60 min)

Auditorio ABANCA

18 h
Inversa Teatro
O péndulo (85 min)

Salón Teatro

20 h
VACAburra
Festina Lente (50 min)

MÉR 8

Teatro Principal

11 h
Caramuxo Teatro
A nena que vivía nunha caixa de mistos (42 min)

Auditorio ABANCA

13 h
Colectivo Glovo
TABÚ (60 min)

Igrexa de San Domingos de Bonaval

(exterior)
16.30 h
N+1 e Cuarteto Alicerce
Divertimento! (45 min)

Salón Teatro

18 h
Matrioshka Teatro
Comando Comadres (70 min)

Teatro Principal

20 h
Barrosanta
Ragazzo (75 min)

Sala Riquela

22.30 h
Concerto
Los Jinetes del Trópico

XOV 9

Auditorio ABANCA

11 h
Helena Salgueiro
Come and Go (75 min)

Centro Obra Social ABANCA

13 h
PITCHING (40 min)
Migallas Teatro
30 anos cantando con Migallas

O Señor Lili
Cinecleta

Teatro Ghazafellos
Ninja

Mago Teto
ULTREIA Ao final do camiño estás ti

13 h
Mesa *Residencias artísticas e compañías en residencia*

Facultade de Ciencias da Comunicación

(entrada principal)
16.30 h
Pistacatro
Vértigo (35 min)

Teatro Principal

18 h
Aporía Escénica e Olivas Negras
A Familia Real (70 min)

Salón Teatro

20 h
Ibuprofeno Teatro
Smoke on the water (85 min)

Espectáculos





● A COMPAÑÍA

Esta produtora-distribuidora nace no ano 2005, creada por mozos e mozas profesionais do ámbito teatral de Madrid, con ampla experiencia en producións privadas e públicas.

O interese por traballar e afondar en manifestacións culturais próximas ás súas inquedanzas lévaos a crear este proxecto, articulado dunha maneira rigorosa e respectuosa coa realidade teatral actual.

● CONTRATACIÓN

Elena Millán Capote
665 256 878
programas.culturales10@gmail.com

Autoría: Laila Ripoll, baseado nunha personaxe da novela *La carne*, de Rosa Montero
Dirección: Alberto Castrillo-Ferrer e José Recuenco
Idea orixinal: Silvia de Pé
Escenografía: Ana Tusell
Iluminación: Juan Gómez Cornejo
Son: David Angulo
Vestuario: Arantxa Ezquerro
Música: David Angulo
Elenco: Silvia de Pé

ADULTO
TEATRO
90 MINUTOS

● **LUNS 6 / SALÓN TEATRO / 11.30 H**

El caballero incierto

PRODUCCIONES COME Y CALLA

Na excelente novela *La carne*, de Rosa Montero, hai escondida unha pequena xoia. Trátase da historia imaxinaria de Josefina Aznárez, personaxe maiúscula, apaixonante, máxica, desas que aparecen moi de vez en cando, pero que che quedan cravadas para sempre. Josefina é unha personaxe maldita, unha invención desgarrada e dolorosa da condición de ser muller. Esa muller ben podería ser Hildegarda de Bingen, María Lejárraga ou George Sand. O seu destino crúzase un 3 de novembro de 1893 coa explosión e posterior traxedia do vapor Cabo Machichaco. A partir de aquí, é Laila Ripoll quen escribe este monólogo. Josefina entra nas sombras e desaparece para converterse en pantasma, en mito, en carne de escenario. Para non desaparecer nunca.

Este *caballero incierto* é unha homenaxe a esas mulleres valentes, silenciadas e esquecidas. *El caballero incierto* trata de nós e do noso lugar no mundo.

Unha produción de Teatro Español, Come y Calla e Silvia de Pé.



A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 a cargo do monicrequeiro, escultor e actor Borja Insua, referente do teatro de monicreques en Galicia. Construtor e manipulador de monicreques, actor e creador, Borja Insua desenvolve na súa compañía espectáculos propios que abranguen distintas técnicas (luva, variñas, sombras chinesas, fíos) e xéneros, tanto para nenos coma para adultos.

A compañía ten en cartel unha ducia de espectáculos: *Circo Galaico, Os soños na Gaiola, Barriga Verde, Pequeno Kabaret*

de Tolos, El Retablillo de Don Cristóbal, Finisterrae: O último ultramarinos, que participan habitualmente en numerosos festivais internacionais: Arxentina, México, Chile, Italia, Cuba...

CONTRATACIÓN

Borja Insua Lema
616 450 490
borxainsua@gmail.com
titeresalakran.wordpress.com

Autoría: Borja Insua Lema
Dirección: Jorge Rey e Manu Mansilla
Adaptación: Borja Insua Lema, Alba Grande, Jorge Rey e Manu Mansilla
Escenografía: Borja Insua Lema
Iluminación: Jorge Rey e Manu Mansilla
Son: Raúl Giraldo
Vestuario: Manu Mansilla
Música: Luis Iglesias
Elenco: Borja Insua e Alba Grande

FAMILIAR, A PARTIR DE 5 ANOS

MONICREQUES

45 MINUTOS

LUNS 6 / TEATRO PRINCIPAL / 16.30 H

Desconexión

TÍTERES ALAKRÁN

Carmela debe realizar un traballo sobre a tradición castrexa e as mouras para a escola. A súa familia resolve todas as súas actividades coa tecnoloxía: as relacións, a alimentación, o estudo... Porque o seu lema é: "unha vida tecnolóxica é unha vida ordenada". A inesperada chegada do avó Eldemiro á casa abrialle unha xanela a Carmela para descubrir, en primeira persoa, a lenda mitolóxica da moura e volverá conectar toda a familia cun mundo real que xa lle era totalmente alleo.

Desconexión é unha distopía que aborda a dependencia de estar conectados sobre a que se constrúen neste tempo as nosas vidas e pon de manifesto a necesidade, especialmente na infancia, de conectar co contorno e co humano.



● A COMPAÑÍA

Cía. iO é unha compañía interesada polas novas linguaxes e as artes do movemento, que emprega o circo como ferramenta principal. Esta compañía nace da man de Álvaro Pérez e Álvaro Fitinho en 2016, coa estrea do seu primeiro espectáculo *Contiguo*, peza coa que recibirán o premio ao mellor espectáculo de rúa no Festival Circada de Sevilla en 2017.

En 2018 Beatriz Rubio entra a formar parte da compañía, comezando un novo xeito de producir as súas pezas: Álvaro Fitinho levará o peso da dramaturxia

e Beatriz Rubio, o da escenografía e a iluminación. Ademais, tratan de contar sempre con colaboracións externas en cada nova produción. Así chegarán outras producións como *Catro[4"] segundos* no ano 2018, coa que reciben o premio do FETEGA, *Espida* en 2020 e a súa máis recente creación, *Cantas patas para un banco?*

● CONTRATACIÓN

Beatriz Rubio
636 420 688
distribucion@companiaio.com
www.companiaio.com

Autoría: Álvaro Fitinho
Dirección: Paula Quintas e Arturo Cobas
Escenografía: Gustavo Reboredo e Beatriz Rubio
Iluminación: Beatriz Rubio
Son: Jano Costas
Vestuario: Paula Quintas
Música: Jano Costas
Elenco: Jano Costas, Beatriz Rubio e Álvaro Fitinho

**Espectáculo subvencionado pola
Axencia Galega das Industrias
Culturais-Agadic**

TODOS OS PÚBLICOS

CIRCO-DANZA

60 MINUTOS

● **LUNS 6 / PRAZA DA INMACULADA / 18 H**

Cantas patas para un banco?

CÍA. IO

Un banco de catro patas ofrécenos un equilibrio perfecto.

Catro patas ríxidas, estables e seguras... pero moi aburridas.

Porque un banco perfecto nunca vivirá o arrepío de caer, nin o orgullo de se erguer.

Cantas patas para un banco? ofrece un novo xeito de ser, de pensar e de facer. Un novo equilibrio baseado nun desequilibrio que nunca cae, un desequilibrio eterno que nos permite ser diferentes e pensar en poder ter as patas que queiramos ter.



● A COMPAÑÍA

Tras 25 anos sobre os escenarios, destaca o traballo de Diego Anido na compañía Agrupación Señor Serrano, coa que xira por todo o mundo e gaña o León de Prata na Bienal de Venecia. En Galicia colabora asiduamente coa compañía Voadora como creador e intérprete, ademais de con outras como Pistacatro ou Lola Arias. En cine participa como intérprete principal en cinco longametraxes e gaña un Mestre Mateo ao Mellor Actor Secundario. *O deus do pop* é a súa quinta creación en solitario tras *Paper Boy*, *O alemán*, *Cascuda* e *Symon Pédicrí*.

● CONTRATACIÓN

José Díaz
687 473 994
produccion@diegoanido.com
www.diegoanido.com/el-dios-del-pop

Autoría: Diego Anido
Dirección: Diego Anido
Dramaturxia: Pablo Rosal e José Díaz
Escenografía: Carmen Triñanes
Iluminación: Montse Pinheiro, Pedro Fresneda e Raquel Hernández
Son: Xavi Bértolo
Vestuario: Uxía P. Vaello e Carmen Triñanes
Música: Xavi Bértolo, Diego Anido e José Díaz
Elenco: Diego Anido

**Espectáculo subvencionado pola
Axencia Galega das Industrias
Culturais-Agadic**

A PARTIR DE 14 ANOS

TEATRO

80 MINUTOS

LUNS 6 / AUDITORIO ABANCA / 20 H

O deus do pop

DIEGO ANIDO

Tras 25 anos de creación contemporánea, Diego Anido presenta o adianto do próximo *world tour* dunha estrela do pop mundial que, entre canción e canción, comparte a historia da súa vida.

Reflexión desde a tenrura e o humor sobre como nos enfrontamos ao éxito ou ao fracaso e como conformamos a visión que temos de nós mesmos, a partir dun relato cheo de referentes da infancia, esperanzas e expectativas ficticias.



● A COMPAÑÍA

Os Náufragos fai un traballo que vertebra a creación desde a dramaturxia ata a súa posta en escena. O labor do actor ou da actriz na creación é o eixe fundamental da nosa proposta, así como a procura de novas linguaxes, próximas ao espectador e á actualidade. Entende o teatro desde o encontro e o diálogo do equipo artístico, vinculado desde hai anos cunha linguaxe común. Unha aposta forte tamén polos creadores galegos. Os Náufragos nace con raíces

fortes, cunha traxectoria consolidada dos seus integrantes e cunha vocación de proximidade co público.

● CONTRATACIÓN

Ángela Vila - Urdime, S.C.G.
981 937 424 / 698 132 935
distribucion@urdime.net
Urdime | Propostas culturais

Autoría: Gustavo del Río
Dirección: Gustavo del Río
Axudantía de dirección: Sete Eiroa
Escenografía: Marimo Studio
Iluminación: Dani Pais
Vestuario: Os Náufragos Teatro
Música: Daniel Valentín
Elenco: Jimmy Núñez e María Roja

TODOS OS PÚBLICOS

TEATRO

40 MINUTOS

● **MARTES 7 / SALÓN TEATRO / 11 H**

Hugo

OS NÁUFRAGOS TEATRO

Hugo é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo todos os días. A Laia gústalle falar e gústalle as plantas. Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista.

Hugo fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes.



A COMPAÑÍA

Elahood é a compañía galega de danza urbana e creación contemporánea formada por Sabela Domínguez e Julia Laport. A compañía aposta por visibilizar as danzas urbanas como medio de expresión lexítimo na danza profesional e os discursos abertamente feministas e *queer*. Contan con diversos espectáculos para espazos non convencionais e para teatros. Compaxinan o seu labor con colaboracións con outros colectivos e como docentes de danzas urbanas. En 2021 gañan o primeiro premio e o Premio da Crítica no Certamen Coreográfico de Madrid e o premio a Mellor Espectáculo no Festival DZM de Cáceres con *Intempestiva*. Veñen de estrear o espectáculo *NÓ* en coprodución co Centro Coreográfico Galego-Agadic.

CONTRATACIÓN

Julia Laport Rivas
603 458 250
produccion.elahood@gmail.com
elahoodance@gmail.com
www.elahood.com

Dirección e interpretación: Sabela Domínguez e Julia Laport
Dramaturxia: Gena Baamonde
Música: LLXNTO & Bruno Baw
Vídeo: Iria Casal
Fotografía: Manu Lago
Produción: Elahood
Acompañamento á produción: Manu Lago e Sabela Ramos

TODOS OS PÚBLICOS

DANZA

17 MINUTOS

MARTES 7 / PRAZA DE SAN MARTIÑO
PINARIO / 12.30 H

Intempestiva

ELAHOOD

Inspirada na obra e na figura da Xela Arias (Letras Galegas 2021), *Intempestiva* é un espectáculo de danza para rúa e espazos non convencionais con 17 minutos de duración. A proposta conta con Julia Laport e Sabela Domínguez na coreografía e interpretación, con Gena Baamonde na dramaturxia escénica e co espazo sonoro a cargo de LLXNTO & Bruno Baw.

Serse Intempestiva.

Os corpos de Elahood entran nun xogo de identidades coa figura e obra de Xela Arias. Xénero, identidade galega, raíces e precariedade entrelázanse para cuestionar que é facer algo de proveito.

INTEMPESTIVA:

1. Que se fai ou ocorre nun momento que non convén.
2. Que non é o máis axeitado, por non ser o habitual ou acostumado.



● A COMPAÑÍA

Marcia Vázquez (1994), bailarina e creadora viguesa. Comeza pola danza urbana en formato batalla ata que se decanta finalmente pola danza contemporánea. Forma parte da terceira e cuarta xeración da formación internacional de La Fkoria Coreographic Center. Seleccionada pola Red Acieloabierto na bolsa de itinerarios formativos en 2019. O seu solo *Onde pousa a humidade* recibiu dous premios no Festival DZM e unha mención especial "por levar o local lonxe".

Traballou en proxectos híbridos con variedade de artistas, no audiovisual e na música, especialmente. Marcia é unha artista inseparable da súa reivindicación persoal, corpo-comunidade, territorio-identidade.

● CONTRATACIÓN

Marcia Vázquez
664 811 644
marciavr94@gmail.com
vimeo.com/marciavr

Autoría: Marcia Vázquez
Asesoramento escénico: Carmen Larraz, Paula Ramis e Raquel Jara
Vestuario: Margarita Ramírez
Música: Mercedes Peón e Leilía
Ambiente sonoro: Guillermo Alfaro e Marcia Vázquez
Intérprete: Marcia Vázquez

TODOS OS PÚBLICOS

DANZA CONTEMPORÁNEA PARA ESPAZOS

NON CONVENCIONAIS

14 MINUTOS

● **MARTES 7 / PRAZA DE SAN MARTIÑO**
PINARIO / 12.30 H

Onde pousa a humidade

MARCIA VÁZQUEZ

Un solo que afonda na espera e na relación do corpo co tempo pasado e presente. A inspiración vén dos naufraxios na Costa da Morte. "Unha homenaxe ás mulleres, as que sempre agardan a que o océano lles devolva, polo menos, os restos de ósos dos seus parentes. Mentres, o sal cuarteja as mans que tecen, rede a rede, o que as mantén en terra".



A COMPAÑÍA

Dende Rebordelos producimos espectáculos que convidan a un gozo estético e sensorial a partir de narrativas que cheguen e inclúan todo tipo de persoas no pracer e na experiencia escénica. O noso interese pivota arredor das voces infrarrepresentadas do relato, da recuperación da memoria e da aportación a un patrimonio cultural común.

Apostamos por espazos seguros de creación, respectuosos cos seus tempos, como método para crear pezas vitalistas e coidadas.

CONTRATACIÓN

María Mariño
698 147 660
kandenguearts@gmail.com
www.kandenguearts.com

Autoría: Tamara Canosa e Xacio Baño
Dirección: Tamara Canosa
Elenco: Roque Ruiz
Espazo escénico e iluminación: José Faro
Espazo sonoro: Jas Processor
Vestuario: Melania Freire
Fotografía: Sabela Eiriz
Audiovisuais: Xacio Baño
Produción: Rebordelos
Distribución: Kandengue Arts

**Espectáculo subvencionado pola
Axencia Galega das Industrias
Culturais-Agadic**

ADOLESCENTE E ADULTO

TEATRO

60 MINUTOS

MARTES 7 / TEATRO PRINCIPAL / 16.30 H

Amantis

REBORDELOS

Amantis conta a historia de M., un adolescente de barrio obreiro que quere ser *influencer*. O protagonista vive somerxido nun mundo paralelo ao real (TikTok, Twitch ou Instagram), pero a vida real irrompe continuamente con forza no seu día a día.



● A COMPAÑÍA

Inversa Teatro é unha compañía dirixida e xestionada por Marta Pérez, desde 2009, que aposta por levar a escena textos de dramaturgos e dramaturgas galegas contemporáneas. Centrada na creación desde unha perspectiva feminista e cun discurso que pon en valor o pensamento crítico coas estruturas sociais establecidas.

Realizou xiras e asistiu a diferentes festivais durante 2012, 2013 e 2014 polo Brasil, Colombia, México, Venezuela, Estados Unidos e Portugal, así como por diferentes festivais estatais.

Paper Dolls, Expostas, Kamouraska, Té con Kant, Fémina Sapiens, Sofía e as Postsocráticas, Sofía (Unipersoal), Misión Imposible (en coprodución con Aporía Escénica) e *O Péndulo* son as súas producións ata o momento.

● CONTRATACIÓN

Marta Pérez
690 084 625
inversa@inversateatro.com
www.inversateatro.com

● **MARTES 7 / AUDITORIO ABANCA / 18 H**

O péndulo

INVERSA TEATRO

Teatro-documental que nos amosa como se desenvolveu o inicio da Guerra Civil en Galicia.

Marta Pérez, codramaturga e actriz, trasládanos a experiencia do seu bisavó, Tirso Gómez Freijido, da Cañiza. Membro do Partido Socialista, republicano e presidente da Casa do Pobo da vila, Tirso foi apresado e fusilado en 1936 no Castro de Vigo cos seus camaradas Justo Moure, Jesús Pérez e Antonio Mojón. Xunto con eles foi apresada tamén María Gómez, alcaldesa da Cañiza, a única muller que exerceu ese cargo en Galicia durante a II República. María Gómez conseguiu salvarse do fusilamento, alegando un falso embarazo. Foi condenada a cadea perpetua e acabou vivindo en Lugo coa anarquista Urania Mella.

Autoría: Ernesto Is e Marta Pérez
Dirección: Carlos Álvarez-Ossorio
Espazo escénico e iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio
Construción escenografía: Juan Bas
Espazo sonoro e vídeo: Jesús Andrés Tejada
Arquivo fotográfico: Bacelar (A Cañiza)
Grafismo: Marieta R. Rodríguez
Elenco: Nerea Brey, Marta Pérez e Rosa Puga Davila

Coprodución co Centro Dramático Galego-Agadic, Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e Área de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra. Colaboran o Concello de Vigo e o Concello de Negreira.

ADULTO
TEATRO-DOCUMENTAL
85 MINUTOS



● A COMPAÑÍA

VACAburra é o resultado da colisión de dúas creadoras cunha ampla traxectoria, Andrea Quintana e Gena Baamonde, que unen as súas inquedanzas nun proxecto común que xira ao redor da creación escénica e coreográfica en clave contemporánea. Crean *Metodoloxías Carroñeras para Corpos Invertidos*, conferencia performativa; *O raro é que bailar sexa raro*, solo de danza que reflexiona sobre a diversidade corporal; *Extravíos*, peza de rúa cunha "ukestra" de ukeles e *Festina Lente*, coprodución co Centro Coreográfico Galego.

VACAburra quiere achegar a todos os públicos a diversidade sexual atendendo aos posibles corpos e identidades. Busca fomentar una mirada interseccional e transfeminista da realidade social que nos atravesamos e utilizar as artes escénicas como vía de sensibilización coa que impulsar a reflexión e o diálogo.

● CONTRATACIÓN

Andrea Quintana / Gena Baamonde
650 068 540 / 654 146 401
info.vacaburra@gmail.com
www.vacaburra.com

● **MARTES 7 / SALÓN TEATRO / 20 H**

Festina Lente

VACABURRA

Festina Lente é unha locución latina cuxa tradución literal é "apresúrate lentamente".

Esta peza busca unha reflexión do momento presente nun mundo no que a pel-pantalla coloniza as nosas relacións. Corpos multitarefa, corpos cansos, corpos expostos, corpos saturados polos mecanismos dun tempo que non entende de pausas.

Preguntámonos se é posible o encontro, mirar iso que non se ve, entrar e parar. Preguntámonos como deixar xurdir novas realidades fóra dos remuíños do capitalismo que devora, cada vez máis, a corporalidade. Preguntámonos polas estratexias dos corpos para lograr permanecer xuntas fronte á alienación.

Autoría: VACAburra
Dirección: Andrea Quintana e Gena Baamonde
Coreografía: Andrea Quintana
Interpretación: Clara Ferrao e Andrea Quintana
Música: Menina Arroutada e Andrea Quintana
Arranxos sonoros: Les Silva
Iluminación: Violeta Martínez
Vestuario: Gena Baamonde
Produción executiva: Atenea Fernández

Coprodución co Centro Coreográfico Galego-Agadic, en residencia na Sala Ártika de Vigo e co acompañamento de Galicia Danza Contemporánea.

TODOS OS PÚBLICOS

DANZA

50 MINUTOS



● A COMPAÑÍA

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar que nace na Coruña en 2003, dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, tendo unha especial responsabilidade co público máis novo e mesturando diferentes técnicas: teatro de actor, monicreques, danza...

A liña de traballo parte duns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, tratando de ser un

referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel cultural, ademais do artístico, que consigan a lealdade do público.

● CONTRATACIÓN

Laura Sarasola Pontón
610 848 781 / 699 521 803
info@caramuxoteatro.net
www.caramuxoteatro.com

● **MÉRCORES 8** / TEATRO PRINCIPAL / 11 H

A nena que vivía nunha caixa de mistos

CARAMUXO TEATRO

A nena que vivía nunha caixa de mistos é un novo espectáculo de Caramuxo Teatro inspirado no conto *A vendedora de mistos* de Andersen. Unha peza cunha linguaxe contemporánea e multidisciplinaria que trata os temas da pobreza infantil e a orfandade, mais cunha mensaxe positiva sobre o poder do cambio. Unha proposta de teatro de actriz e monicreques sen palabras, que homenaxea as primeiras películas do cinema mudo.

Autoría: Laura Sarasola Pontón e Juan Rodríguez Santiago
Dirección: Juan Rodríguez Santiago
Escenografía: Juan Ares
Iluminación: Suso Jalda
Son: Suso Jalda
Vestuario: Espazo Valeiras
Música: Alma Sarasola e Fernando Román
Elenco: Fernando Román, Juan Rodríguez e Laura Sarasola

INFANTIL, A PARTIR DE 5 ANOS

TEATRO

42 MINUTOS



● A COMPAÑÍA

Colectivo Glovo nace en 2016 baixo a dirección de Esther Latorre (Galicia) e Hugo Pereira (Portugal). Ademais da creación, a compañía busca aportar semente ao tecido artístico, non só en Galicia senón cunha proxección internacional notable. En 2021 comeza coa dirección de XAMBRA, asociación multidisciplinaria de Portugal. Percorreu diferentes países como España, Portugal, Italia ou México coa súa primeira e multipremiada peza *MA PA*, coa que conseguiu o primeiro premio no Certamen Coreográfico de Burgos & New York. Formou parte do circuito nacional Red Acieloabierto 2020 e de Danza a Escena 2021. En 2020 crea *EM-NA*, coa que percorre teatros

de España e Portugal. Destaca a peza *MARRAFA* (extracto de *EM-NA*), premiada en Barcelona e Austria e que recibiu catro galardóns no festival Corpo Mobile (Italia). En 2021 crea *ALLEO* e *TABÚ* (coprodución co Centro Coreográfico Galego). Dirixe as residencias de danza "Atopémonos bailando" de Lugo e coorganiza o Festival Cartografía en Movemento, tamén de Lugo.

● CONTRATACIÓN

Hugo Pires Pereira
604 002 295
colectivoglovo@gmail.com
www.colectivoglovo.com

Autoría: Esther Latorre e Hugo Pereira
Dirección: Esther Latorre e Hugo Pereira
Iluminación: Pedro Fresneda
Vestuario: Colaboración con Adolfo Domínguez
Música: BABYKATZE
Elenco: Esther Latorre, Hugo Pereira, Clara Ferrão, Sybilla Gutiérrez e Fran Martínez
Apoio en xestión: Manu Lago · Galicia Danza Contemporánea
Vídeo: Dani Rodríguez
Fotografía: Carlota Mosquera e Dani Rodríguez
Deseño de imaxe: Paulina Funes

Coprodución co Centro Coreográfico Galego-Agadic e Concello de Lugo. Co apoio de Teatro Ensalle, INAEM · Ministerio de Cultura · Gobierno de España, Museo MIHL, Concello de Allariz, A Casa Vella, Galicia Danza Contemporánea e Escola Palimoco.

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA CONTEMPORÁNEA
60 MINUTOS

● **MÉRCORES 8 / AUDITORIO ABANCA / 13 H**

TABÚ

COLECTIVO GLOVO

Semellar sen imitar, figurar sen esquecer. Escenario carnavalesco de vida, peso do parecer e implacable xuízo de aspectos. Que muller eras ti? Que muller es ti? A aparencia como posibilidade de futuro.

Agosto de 2020. Atopámonos no centro de Allariz, concretamente no cruzamento entre as rúas da Cruz e Fonteiriña. Ante nós, unha rechamante fotografía, datada de 1925 e con autoría de Manuel Riesco. Nela, un grupo de mulleres, vestidas coas camisolas de dous equipos de fútbol: o Arnoia de Allariz e o Celanova, con actitude desafiante e seria e recollidos estilo *belle époque*, baixo o título "Equipo de fútbol feminino no vello campo de Vilanova".

Quen eran estas mulleres? Que foi delas? Que sucedeu nese partido? Atopámonos ante unhas pioneiras?

Fronte a estas interrogantes, comezamos, sen retorno, un mergullo nas curiosidades destas travesías de vida feminizadas e aínda por descubrir.



● A COMPAÑÍA

N+1 xorde en 2019 da man de Alfredo Pérez, unha referencia no mundo do teatro xestual, a danza e o clown en Galicia. Este intérprete caracterízase pola súa multidisciplinaria e a diversidade de proxectos nos que participou ao longo da súa carreira. Vén acompañado nesta ocasión polo Cuarteto Alicerce, sólido conxunto de cordas unido por unha amizade xestada a través dos anos, articulada a través do repertorio que deciden

afrontar e o xeito de facelo: música para cuarteto dos períodos clásico e primeiro romanticismo europeos interpretada con instrumentos encordados en tripa.

● CONTRATACIÓN

Alfredo Pérez
658 359 289
info@enemaisun.net
enemaisun.net

Autoría: N+1 e Cuarteto Alicerce
Dirección: Alfredo Pérez Muíño
Escenografía: N+1 e Cuarteto Alicerce
Iluminación: Dani Pais
Son (voz en off): Carlos Sante
Vestuario: N+1 e Cuarteto Alicerce
Música: Wolfgang Amadeus Mozart (interpretada polo Cuarteto Alicerce)
Elenco: Jorge Montes, Roberto Santamarina, María José Pámpano, Carlos García e Alfredo Pérez

FAMILIAR

MÚSICA E CLOWN

45 MINUTOS

● **MÉRCORES 8 / IGREXA DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL / 16.30 H**

Divertimento!

N+1 e CUARTETO ALICERCE

Divertimento! achégase ao público familiar dende a música clásica, o humor e a creatividade para nos adentrar na senda da cultura e das artes como vías cara á diversión e o lecer de calidade. A música de Mozart condúcenos, en clave de clown, polas relacións humanas, poñendo en valor as diferenzas como unha oportunidade para medrar dende o grupo.

Un cuarteto de cordas acepta un novo membro para unha representación, sen saber que o invitado non posúe as mesmas calidades como intérprete. O que nun principio provoca rexeitamento e xuízo muda en empatía e transixencia, xerando unha nova harmonía, permitíndolles rirse dos protocolos arcaicos e da aparente excelencia que rodea a música clásica.

Colabora: Departamento de Acción Cultural-Fundación Cidade da Cultura de Galicia.



INÉS SALVADO

A COMPAÑÍA

Matrioshka Teatro nace da man de tres actrices para facer un teatro onde as intérpretes están no centro da creación. Apostamos por linguaxes mesturadas que transitan entre o teatro máis clásico e o contemporáneo. Creamos dramaturxias a pé de escena sen deixar de lado unha estética coidada, o sentido do humor, a frescura e a naturalidade dun diálogo aberto co público. Facemos un teatro que amosa de onde vimos e nos orienta cara a onde imos. Alimentámonos do legado das xeracións que nos precederon, repousamos o vivido e tratamos de compartilo coas persoas que están pensando nas que virán. Mulleres que loitan, mulleres que acubillan, así como outras nos acubillaron a nós.

CONTRATACIÓN

Anabell Gago
654 598 430
matrioshkateatro@gmail.com
matrioshkateatro.com/comando-comadres/

Elenco: Chelo do Rejo, M.^a Ángeles Iglesias e Anabell Gago
Dirección, dramaturxia, escenografía e vestuario: Gena Baamonde
Autoría: Matrioshka Teatro (Chelo do Rejo, Anabell Gago, Lorena Conde), Gena Baamonde e M.^a Ángeles Iglesias
Manifesto: Ana Cabaleiro
Movemento escénico: Gena Baamonde e Andrea Quintana
Música: Mónica de Nut
Deseño de iluminación e director técnico: Octavio Mas
Xastrería: Bety, CHIMPOS, S.L.
Caracterización: La Pelu, F. Silva
Deseño gráfico: Alba Aller
Deseño cartel: Lorena Conde
Fotografía: Inés Salvado
Deseño web: Terrun Social
Gravación e edición teaser: Tamboura Films
Comunicación: Belém Brandido
Distribución: Matrioshka Teatro

Unha produción de Matrioshka Teatro e Artefeito Producións S. Coop. Galega, coa subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais-Agadic e co apoio do Concello da Estrada.

ADULTO E ADOLESCENTE
TEATRO
70 MINUTOS

MÉRCORES 8 / SALÓN TEATRO / 18 H

Comando Comadres

MATRIOSHKATEATRO

A través do humor, un grupo de activistas organizadas por comandos ataca as múltiples manifestacións da violencia sexista e cuestiona a persistencia dos seus valores no pensamento hexemónico actual. Mulleres preparadas para as encomendas máis perigosas levan a cabo incursións no territorio inimigo para poñer luz sobre a inxustiza e volver airosas da misión: crear unha rede de comandos a nivel mundial para espertar as consciencias sobre a importancia da igualdade dos dereitos e deberes sociais entre ambos xéneros, tanto no ámbito público coma no privado. *Comando Comadres* rende homenaxe a todas as heroínas de a diario, ás mulleres invisibilizadas, á historia oculta do noso pasado.



LORENA DOMÍNGUEZ

● A COMPAÑÍA

Orixinal do barallete, "barrosanta" refírese á persoa que se dedica a traballar nos labores da "barrosa" (feira, festa) como animadores, festeiros, músicos, feirantes...

Este primeiro espectáculo define os cimentos dunha compañía centrada no compromiso e na denuncia social e na contemporaneidade e o interese escénico. Nace en Barbadás, nas marxes da capital ourensá, que vive unha forte crise cultural na actualidade, co obxectivo de facer brotar nova actividade teatral. A loita de Barrosanta, igual que a de Ragazzo, faise dende a festividade, dende a reunión co público, onde destaca a alegría da revolución.

● CONTRATACIÓN

Anxo Outumuro
669 029 556
anxooutumuro@gmail.com /
barrosantacia@gmail.com

Autoría: Lali Álvarez
Dirección: Xavier Castiñeira
Tradución: Anxo Outumuro
Escenografía: Desguaces Petelos
Iluminación: Violeta Martínez
Vestuario: Acontravento
Elenco: Anxo Outumuro

**Espectáculo subvencionado pola
Axencia Galega das Industrias
Culturais-Agadic**

ADULTO
TEATRO
75 MINUTOS

● **MÉRCORES 8** / TEATRO PRINCIPAL / 20 H

Ragazzo

BARROSANTA

Europa, verán de 2001. A cidade de Ragazzo vive a restrición de dereitos sociais máis grande dende a Segunda Guerra Mundial: fronteiras pechadas, rexistros, detencións... 30 000 axentes percorren as rúas e protexen os líderes do G8 na súa xuntanza.

Ragazzo está de vacacións: ten tempo de ir a concertos, escribir, incluso de namorarse e, por suposto, de participar no Fórum Social, soñando e provocando outro mundo posible. Pero o seu destino quedará marcado cando tome a decisión de quedar na columna dos desobedientes.

Ragazzo é unha oda á xuventude, un canto á liberdade e un grito á vida; unha reivindicación da memoria colectiva que os donos do mundo nunca escribirán para nós.



● A COMPAÑÍA

Helena Salgueiro é unha performer, bailarina, directora, autora e investigadora galega que traballa ao redor da relación da linguaxe co movemento, e que leva os seus traballos performativos, de danza e arte visual ao Reino Unido, Suecia, Galicia, Portugal e Arabia Saudita.

● CONTRATACIÓN

Helena Salgueiro
634 902 493
helenagolan@gmail.com
www.helenasalgueiro.com

Autoría: Samuel Beckett
Dirección: Helena Salgueiro
Adaptación: Helena Salgueiro, Ana Gesto e Iria Sobrado
Escenografía: Helena Salgueiro
Iluminación e creación con Kinect: Colectivo MOM
Música: Atzi Muramatsu
Vídeo: Marcos Montiel
Fotografía: Alberte Peiteável
Deseño gráfico: Paulina Funes
Elenco: Ana Gesto, Iria Sobrado e Helena Salgueiro

Coprodución co Centro Dramático Galego-Agadic

TODOS OS PÚBLICOS
NOVAS LINGUAXES, TEATRO FÍSICO,
DANZA, PERFORMANCE
75 MINUTOS

● **XOVES 9 / AUDITORIO ABANCA / 11 H**

Come and Go

HELENA SALGUEIRO

Come and Go é unha peza performativa que investiga o tempo, a ausencia e a presenza, o xesto, a linguaxe... a partir dun dos textos máis minimalistas e conceptuais de Samuel Beckett.



A COMPAÑÍA

Pistacatro é a compañía e a produtora de circo máis relevante das artes vivas en Galicia. Distribúe as súas propias producións ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas consideradas importantes baixo criterios de calidade e interese cultural. Logo de máis de 15 anos de vida, pretende continuar asentándose como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia, abrindo novos mercados e públicos.

En *Vértigo*, Pistacatro conta co traballo da compañía Duelirium, con máis de 12 anos de investigación e traballo en proxectos de creación aérea, e coa estreita colaboración do actor e creador de escena Diego Anido.

CONTRATACIÓN

Belém Brandido
627 778 351
distribucion@pistacatro.com
www.pistacatro.com

Autoría: Belém Brandido e Diego Anido
Dirección: Diego Anido
Axudantía de dirección: Paula Quintas
Coreografías aéreas: Cía. Duelirium
Rigging: Rubén Costas
Iluminación: Laura Iturralde
Son: Sara Martínez
Vestuario: Pistacatro
Música: Nacho Muñoz
Produción: Belém Brandido
Fotografía: Rubén Vilanova
Vídeo: Tamboura Films
Deseño cartel: Juan Gallego
Elenco: Raquel Oitavén e Mercè Solé (Cía. Duelirium)
Agradecementos: Arturo Cobas e Clotilde Vaello

TODOS OS PÚBLICOS

DANZA VERTICAL

35 MINUTOS

● **XOVES 9 / FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN / 16.30 H**

Vértigo

PISTACATRO

En *Vértigo* de Hitchcock, se eliminamos a Scottie, quedáanos ela, ou elas, as dúas personaxes que interpreta Kim Novak: Madeleine e Judy. E elas éncheno todo. Scottie tan só é un narrador, unha inxenua testemuña do espeso arboredo feminino do filme, maduro bosque de sequoias.

Na parede, no muro ou no precipicio, Pistacatro, da man das Duelirium, trata de evocar unha atmosfera dura, réptil, percorrer o transunto que vai dunha á outra, que empeza na penumbra e remata no abismo.

As rutinas que se suceden parten dun contorno de investigación, sen abandonar en ningún momento a espectacularidade das artes verticais. Pistacatro propón, así, outros escenarios onde poder levar o circo e as artes do movemento.



A COMPAÑÍA

Aporía Escénica é unha compañía centrada na creación contemporánea, que pretende explorar o universo da muller, a consciencia e a ecoloxía, así como desenvolver a súa linguaxe artística por medio da hibridación de tipoloxías escénicas que potencien a plástica dos corpos e obxectos, empregando o xogo e o humor, sen esquecer a palabra e a poesía.

Olivas Negras, formada por Cecilia Vázquez e Sonsoles Cordón, acumula máis de 10 anos de experiencia nas artes escénicas. Con *12 uvas, 2 mulleres e 1 oliva*, dirixida por Marián Bañobre,

comeza a andaina da compañía. Conta ademais con espectáculos de cabaré e infantís, tendo sempre como obxectivo principal a promoción dun teatro feito por mulleres no que se reflicta a súa visión da sociedade actual e apoiando a conciliación familiar.

CONTRATACIÓN

Diana Mera Estévez
661 722 106
aporiaescenica@gmail.com
www.aporiaescenica.com

XOVES 9 / TEATRO PRINCIPAL / 18 H

A Familia Real

APORÍA ESCÉNICA e OLIVAS NEGRAS

Como cambia a nosa vida cando chega un novo ser a ela? Cales son as dificultades, os desafíos, as crises que se nos presentan como nais e pais nunha sociedade complexa como a contemporánea? Como compaxinamos a itinerancia e a inestabilidade das artes escénicas coas esixencias da crianza? Estamos preparadas para asumir todos os retos e imprevistos con creatividade?

Partindo da comicidade e irreverencia do título *A Familia Real*, que nos remite á monarquía e á súa imaxe artificiosa, mergullámonos nas biografías de cinco familias reais coas súas singularidades, defectos e virtudes, co obxectivo de achegarnos a un concepto de familia aberto, expansivo e mutábel.

Dirección: Diana Mera Estévez
Autoría: textos de creación colectiva
Produción e loxística: Sonsoles Cordón
Escenografía: Diana Mera Estévez e Cecilia Vázquez
Iluminación: Beatriz de Vega
Música orixinal: Francisco M. Gallardo
Vestuario: Cecilia Vázquez
Nais e pais: Sonsoles Cordón, Francisco M. Gallardo, Diana Mera Estévez, Vicente Mohedano, Cecilia Vázquez e Beatriz de Vega
Fillas e fillos: Catalina Scillia, Gianluca Cordón, Asahel Gallardo Mera e Ginevra Nortes
Canguro en escena: María Tasende

**Espectáculo subvencionado pola
Axencia Galega das Industrias
Culturais-Agadic**

TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 10 ANOS

TEATRO

70 MINUTOS



● A COMPAÑÍA

Santiago Cortegoso e Marián Bañobre decidimos, en 2010, fundar Ibuprofeno Teatro para emprender proxectos teatrais dun xeito independente, integrando a escrita dramática no proceso de creación e posta en escena.

Procuramos o rigor na dramaturxia, no traballo interpretativo e na concepción dos textos e procesos de creación. Gústanos falar dos temas clave que afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a

súa identidade individual nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar e que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.

● CONTRATACIÓN

Santiago Cortegoso
696 730 037
ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com
www.ibuprofenoteatro.com

Autoría: Santiago Cortegoso
Dirección: Santiago Cortegoso
Movemento escénico e axudantía de dirección: Carmela Bueno
Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"
Iluminación: Salvador del Río
Espazo sonoro e dirección musical: Mon Orencio
Vestuario: Marián Bañobre
Xastra: Bety Busto
Caracterización: Baia Fernández
Elenco: Josito Porto, Belén Constenla, Adrián Ríos, María Costas e Mon Orencio.

**Espectáculo subvencionado pola
Axeña Galega das Industrias
Culturais-Agadic**

ADULTO
TEATRO
85 MINUTOS

● XOVES 9 / SALÓN TEATRO / 20 H

Smoke on the water

IBUPROFENO TEATRO

Traxicomedia sórdida con música en directo.

Ritchie (Blackmore) vive ancorado na música dos 70, ten unha tenda de vinilos de colección. Janis (Joplin) xa hai anos que non canta, estuda filosofía na universidade. O seu matrimonio sobrevive despois de case 25 anos de crise permanente. Esta relación de dependencia vese ameazada pola aparición de Alex, un gigoló de ideoloxía vandálica e transgresora. O rock and roll é o pano de fondo deste enredo amoroso-financieiro entre un grupo de seres humanos fracasados, torpes, patéticos, perdedores, frustrados, desgastados e maltratados pola vida, que provocan tenrura e compaixón.

Premio de teatro MOME Varela Buxán 2013.

Actividades PRO



ESPECTÁCULOS EN FORMATO PITCHING

LUNS 6 / CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA / 13.30 H

Esas cousas marabillosas

EMPATÍA TEATRO

Nomeada como “obra do ano” por The Guardian, esgotou entradas tres anos consecutivos no Festival de Edimburgo e foi representada en Londres, Nova York, Bruxelas, San Xoán de Porto Rico, Maryland, Oregón e Canadá. Éxito rotundo tamén en Madrid e Barcelona, interpretada por Brais Efe, Inma Cuevas, Leticia Dolera e Pau Roca.

En *Esas cousas marabillosas* cóntanse tres décadas da vida do protagonista, que comezan cando a nai ingresa no hospital. O rapaz, de sete anos daquela, comeza a facer unha lista de todo o que é marabilloso no mundo.

É unha peza participativa, tenra, emocionante e divertida.

É unha comedia que fala sobre a saúde mental, a depresión e o suicidio.

É unha obra que che pode cambiar a vida... e para ben.

CONTACTO

Elisardo de la Cruz García
672 281 928
info@empatiateatro.com
www.empatiateatro.com

LUNS 6 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13.30 H

Hai quen escolle os camiños máis longos

BERROBAMBÁN e PONTO DE FUGA

No palco, catro camiños e tres actrices. Os camiños poden levarnos ao norte, ao sur, ao leste ou ao oeste, sempre ao bosque. As actrices teñen un pasado común, un pasado no que as persoas vivían ligadas á terra, un tempo antigo do que quedan retallos de lembranzas, pero que non se pode esquecer porque forma parte de nós. E iso é o que elas perseguen, saber de onde veñen para poder escoller cara a onde ir, que medo afrontar: o da vellez, o da fame, o da enfermidade ou o da morte. Nos contos tradicionais, eses medos represéntanse a través de bruxas, lobos, feitizos ou maldicións e esconxúranse coa música das palabras, con ritos e danzas. Nos contos devólveselle o seu poder á poesía. Tamén no teatro recuperamos a memoria perdida.

CONTACTO

Ángela Vila - Urdime, S.C.G.
981 937 424 / 698 132 935
distribucion@urdime.net
www.berrobamban.com/caminhos
www.urdime.net/berrobamban

LUNS 6 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13.30 H

Papaguena

BUTACAZERO

Papaguena é unha ópera electrónica de pequeno formato a partir da figura da personaxe homónima de *A frauta máxica* de Wolfgang Amadeus Mozart. Unha produción para analizar e reescribir esta personaxe dende unha mirada actual e baseándose nun dos maiores procesos de avance político-social dos últimos tempos: a loita contra o sexismo.

Unha soprano (Esperanza Mara), un barítono (Jacob Rubianes Castelo) e un músico en escena (o propio compositor da ópera, Iago Hermo) serán os piares desta peza deseñada para chegar tanto aos grandes teatros como a aqueles espazos e vilas onde a ópera, quizais, nunca chegou.

E, por suposto, en galego.

CONTACTO

Esther F. Carrodeguas
629 694 432
carrodeguas.butacazero@gmail.com
butacazero.net

LUNS 6 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13.30 H

Pirolíticos

**PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS-
MOFA & BEFA**

Para celebrar o seu 30 aniversario, Mofa & Befafa convidan a Clara Gayo na dirección e a Lucía Aldao e María Lado na dramaturxia do seu novo proxecto: *Pirolíticos*, unha farsa feminista sobre as novas masculinidades de sempre, onde se ofrece unha "Guía rápida para unha correcta pirólise", destinada aos homes asistentes. Fieis, como é habitual, a ese impulso didáctico que sempre os caracterizou, Mofa & Befafa tratan de achegar unha serie de claves para animar os presentes a iniciar esa necesaria revisión que trae da man o feminismo.

Apta para todos os espazos e auditorios e, como é habitual, con música en directo, esta chusca reflexión sobre o patriarcado busca crear complicidades co público, sobre todo o feminino.

CONTACTO

Rubén G. Pedrero
618 752 105
ruben.excentricas@gmail.com
www.excentricas.net

MARTES 7 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

A Barca do Inferno

MOVING COMPASS

Estimado ser humano:

Estamos no alén-mundo. Énos moi grato dirixirnos a vostede, por instrucións das deidades mariñas, para estenderlle unha formal invitación a participar como xurado civil neste xuízo final aos habitantes da auga.

Os defuntos comparecerán por delitos acuáticos durante a súa estancia en vida. Pobres criaturas, acusadas por ser impuras e beber petróleo, por ser tentadas a comer plástico, por preguizosas e deixarse pescar e mutilar sen resistirse nin o máis mínimo.

A audiencia resolverá a favor de que estes pasen ao máis alá en augas celestiais ou, polo contrario, sexan condenados á toxicidade das profundidades infernais.

Agardamos a súa resposta e agradecemoslle de antemán facer posible este agradable paseo en barca.

Coprodución co Centro Dramático Galego-Agadic e Fundación Cidade da Cultura de Galicia

CONTACTO

Rafael Rey Domech
 630 416 898
 movingcompass.theatre@gmail.com
 movingcompassstheatre.com

MARTES 7 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

MULTIPERSPECTIVAS #2

PAULA QUINTAS CÍA.

MULTIPERSPECTIVAS #2 é un espectáculo de investigación teórico-práctica, onde o eixe principal é o corpo e a instalación no espazo de estruturas de arame, coa integración do público como experiencia inmersiva e lúdica.

Dous corpos en escena e o dispositivo da instalación levan o peso do proxecto, que está enmarcado nunha tese de doutoramento da Universidade de Vigo, que ten como eixe principal de investigación os límites e confluencias entre a danza e o circo no século XIX.

CONTACTO

Paula Quintas
 669 258 384
 info.paulaquintas@gmail.com
 www.paulaquintas.com

MARTES 7 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

PYKA

CINEMA STICADO

PYKA, que en ruso significa brazo, é a historia e o remake dunha película desaparecida, da cal só queda un documento sonoro e o seu título. O punto de partida é un relato familiar de Helena Varela, que sitúa a súa avoa Gelines como única testemuña dunha película de animación que fixo unha tal Olga Lebèdev na Rusia stalinista, en colaboración co director de cine Sergei Eisenstein.

PYKA é tamén un conto sobre as relacións humanas, sobre o amor e a loita por querer acadar algo tan prezado como a liberdade.

CONTACTO

Helena Varela
 646 398 035
 varelabarriohelena@yahoo.es
 cinemasticado.com

MARTES 7 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

Sofá

MARTA ALONSO TEJADA

Este espectáculo fala dunha parella e do seu sofá. A parella son Marta e Pablo, dúas persoas normais.

O sofá é o lugar onde descansan e esquecen o que está fóra, o mundo: traballo mal remunerado, guerra, ameazas nucleares, catástrofes ecolóxicas, virus asasinados, normas arbitrarias, pobreza, esgotamento.

Pablo e Marta están enfermos; enfermos de cansazo e aburrimiento, pero téñense unha ao outro; teñen un sofá e saben bailar. Non todo está perdido.

Traballando a través do contacto físico e emocional, grazas á singular percepción do movemento da Compañía Sharon Fridman, *Sofá* é unha aposta pola linguaxe do tacto, a beleza do particular e a capacidade do baile para elevar o cotián ao sublime.

Unha proposta de danza e humor a dúo para rúa, espazos non convencionais e teatros.

CONTACTO

Marta Alonso Tejada
658 78 25 64 / 610 10 68 08
martaalonsotejada@gmail.com
lilian.danza.g@gmail.com
www.martaalonsotejada.com

XOVES 9 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

30 anos cantando con Migallas

MIGALLAS

Migallas Teatro celebra os 30 anos facendo e "cantando" música infantil en galego cun divertido e variado concerto para público familiar. Nesta ocasión, conta con músicos de recoñecido prestixio e traxectoria como Xaquín Xesteira e Anxo Xesteira, de Treixadura, e Borja García e Isi Baúlo, que acompañan a María Campos e a Carlos Yus no escenario. No concerto interprétanse temas dos discos *Canta connosco!* e *Pan de millo*. Cancións tan coñecidas como *Pan de millo*, *O rap da lingua*, *Miña Abuela Manuela*, *O esqueleto* ou *O libro máxico*, coas que medraron varias xeracións, farán gozar de novo a nais e pais que as cantaron na súa infancia e aos nenos e ás nenas de agora.

CONTACTO

Carlos Yus
618 813 071
migallas@migallas.gal
migallas.gal

XOVES 9 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

Cinecleta

O SEÑOR LILI

Cinecleta é un proxecto de recuperación e exhibición de películas de cinema doméstico en formato 8 mm, Super 8 e 16 mm, filmadas por afeccionados e cineastas *amateurs* galegos no século pasado. A particularidade é que son proxectadas desde unha antiga bicicleta de repartición de leite reconvertida agora nun "cinema".

A *Cinecleta* pedalea polo país adiante á procura dun material inédito que atopa en domicilios particulares, rastros, anticuarios e tendas de segunda man. As proxeccións alternan narración descritiva en vivo das imaxes e banda sonora e exhibense no seu formato orixinal en proxectores da época.

As películas son toleradas para todos os públicos e están pensadas para levarse a cabo tanto ao aire libre como en espazos públicos interiores (centros cívicos, auditorios, museos etc.).

CONTACTO

José Francisco Saavedra López-Sancho (Music Arte Rey Saavedra)
629 357 984
musicarte.rs@gmail.com
lilicleta.com/
gz.lilicleta.com/category/cinecleta

XOVES 9 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

Ninja

TEATRO GHAZAFELHOS

Amelia é unha nena que vive e vai á escola no rural galego. A Amelia encántanlle a cultura oriental, o karate, o kung fu, o jiu- jitsu, as películas de Bruce Lee, Jackie Chan e soña con ser ninja. Adéstrase todos os días para pasar inadvertida e observar os demais como unha auténtica ninja. Grazas a esa condición, descobre que no cole hai nenos e nenas que tamén queren pasar inadvertidos, pero non para ser ninjas, senón para que outros nenos e nenas non abusen deles. Coa axuda de Amelia e o señor Edelmiro, un velliño ao que Amelia acode á busca de consello, conseguirán que os nenos invisibles se fagan visibles e cambiar as tornas na escola.

Ninja é unha obra coa que abordamos o acoso nas escolas a través dunha historia divertida e chea de reflexións sobre a tolerancia, o respecto e a diversidade, coa que queremos amosar que un dos pasos máis importantes para resolver un problema é facelo visible.

CONTACTO

Ángela Vila - Urdime, S.C.G.
981 937 424 / 698 132 935
distribucion@urdime.net
urdime.gal/project/teatro-ghazafelhos/

XOVES 9 / CENTRO OBRA SOCIAL
ABANCA / 13 H

ULTREIA Ao final do camiño estás ti

MAGO TETO

ULTREIA, dirixido por José Prieto, é un espectáculo multidisciplinario no que se combina a maxia, a música e a danza. Percorrendo un camiño máxico que simboliza todos os camiños exteriores e interiores do ser humano, Teto fará unha viaxe a través de aparicións, desaparicións, predicións, levitacións, transformacións e moitos máis efectos máxicos que transportarán o público a unha realidade onde todo é posible menos perder a ilusión.

Neste traxecto, Teto viaxará con tres bailarinas: María Roja, Xiana Vilas e Lupe Carballo, que o acompañarán en todas as súas aventuras e desventuras, e contará en todo momento coa axuda imprescindible da música, composta especialmente para este espectáculo por Andrés Álvarez.

CONTACTO

Héctor Guerra
607 384 027
maxia@magoteto.com
www.magoteto.com

Mesas

MARTES 7 / CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA / 13 H

Mesa ARTES ESCÉNICAS E EDUCACIÓN

Os protocolos COVID fixeron que as actividades culturais para escolares, dentro ou fóra dos centros, desaparecieran practicamente nos últimos anos. É necesario impulsar accións que axuden a reverter esta dinámica.

No século XXI, os estudos relacionados coa neurociencia, concretamente os que teñen que ver coa neuroeducación, revelan que as aprendizaxes profundas e significativas se producen cando a motivación e a emoción participan neste proceso. Se temos ao noso alcance unha ferramenta tan poderosa como é a arte en xeral, na que podemos combinar factores como a atención, a motivación e a emoción, por que non utilizala?

No caso das artes escénicas, pódese evocar calquera realidade da vida, podendo traballar calquera concepto, contido ou actitude do currículo educativo. Na actividade escénica, a atención e a motivación xogan un papel fundamental. A atención é a canle de entrada para a motivación, polo tanto, todas as actividades que xeren atención crearán interese naquilo que se expoña.

As actividades escénicas dentro dos currículos escolares non só ofrecen a posibilidade de achegarse aos diferentes contidos dende un prisma diferente. En realidade, o feito dramático e a

narrativa emocional permítenos reflexionar sobre a identificación e a liberación de sentimentos para aprender a identificalos. A educación emocional é cada vez máis necesaria nunha formación global do individuo.

INTERVEÑEN:

Noelia Fernández, vicepresidenta da Asociación Te Veo, de Artes Escénicas para la Infancia y la Juventud e directora de Escena Miriñaque, en representación do Circuito Estatal de Artes Escénicas para Audiencias Escolares-Audaces.

Luciano M. Fernández, director do Padroado de Cultura de Narón, en representación da Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil para escolares-MOTIX.

Marián Osácar, directora artística da Feria Europea de Teatro para Niños y Niñas-FETÉN.

Eulàlia Ribera, directora do Festival elPetit-Festival Internacional d'Arts per a la primera infància e de laSala-Centre de Creació d'Arts per a les famílies, Sabadell.

Modera: **Laura Sarasola**, de Caramuxo Teatro.

XOVES 9 / CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA / 13 H

Mesa RESIDENCIAS ARTÍSTICAS E COMPAÑÍAS EN RESIDENCIA

Como apunta Idoia Jauregi, xornalista de Radio Euskadi, en Informe Distrito, as residencias artísticas son programas que lles ofrecen aos artistas e outros profesionais creativos tempo, espazo e recursos para traballaren, individual ou colectivamente, en ámbitos vinculados á súa práctica artística. Estes programas facilitan o desenvolvemento profesional dos artistas, xeran beneficios económicos e promoven o desenvolvemento cultural (para o artista, a entidade que organiza, a rexión), a aprendizaxe e a capacitación organizativa tanto para o anfitrión coma para a comunidade, así como o aumento da reputación da cidade ou rexión onde se aloxa.

Esta mesa pon o foco na situación e o obxectivo das residencias artísticas como estrutura que leva a cabo unha serie de accións que faciliten o crecemento das compañías. As residencias acollen creadores e creadoras e convidaos a cuestionarse as súas propias ideas. Son, por tanto, un apoio en forma de tempo, espazo e recursos para desenvolver un proxecto concreto e limitado no tempo ou estendido en varios anos para un desenvolvemento máis profundo, maior eficacia e óptima produtividade na creación contemporánea. A residencia como proceso, a importancia do proceso e as condicións dese proceso.

Cómpre agora falar de futuro, de como mellorar o proceso, os encontros, as condicións de traballo; das opcións que se abren neste sentido, de como se pode xerar tecido cultural e estabilidade de proxectos e compañías.

INTERVEÑEN:

Javier Casado, da área de apoio á creación de circo do Ateneu Popular 9 Barris.

Laura Kumin, directora artística do Certamen Coreográfico de Madrid (socio do proxecto europeo Aerowaves).

Fran Núñez, director do Centro Dramático Galego.

Caterina Varela, socia fundadora de Colectivo RPM e directora de Residencias Paraíso.

Modera: **Hugo Pires**, de Colectivo Glovo.

Zona PRO



● **CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA**

Praza de Cervantes, s/n

Acreditacións e información

Horario: luns, de 9 a 14 h e de 16 a 19 h;
martes, mércores e xoves, de 9.30 a 14 h e de 16 a 19 h

**Espazo de traballo e encontro entre os
profesionais asistentes a Galicia Escena PRO**

Horario: de luns a xoves, de 9.30 a 14 h e de 16 a 19 h


Coordinan: Gustavo del Río e Juan Rodríguez
tel. 674 947 097
facilitador@galiciaescenapro.gal





GALICIA ESCENA PRO

6-9
XUÑO 2022
SANTIAGO DE
COMPOSTELA



//**Afundación**
Obra Social ABANCA

Feira asociada á

cofae
COORDINADORA DE
FERIAS DE ARTES
ESCENICAS

www.agadic.gal
www.galiciaescenapro.gal